

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	DRAMATURXIA
DISCIPLINA	DRAMATURXIA I
TITULACIÓN	Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Dirección escénica e dramaturxia
ITINERARIO	Dirección escénica e dramaturxia
CURSO	1º (1º semestre)
CRÉDITOS ECTS	5
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Afonso Becerra Arrojo
DOCENTES	Nome e apelidos: Afonso Becerra Arrojo Horario titorías: Luns pola tarde Despacho: Dpto. de Dirección escénica e dramaturxia Contacto: afonsobecerra@edu.xunta.gal e afonsobecerraesadg@gmail.com
DESCRIPCIÓN	Principios xerais de dramaturxia. Análise das diversas formas de espectáculo (incluído o espectáculo audiovisual). Coñecemento e análise das estruturas e xéneros dramáticos e audiovisuais. Construción, elaboración e análise de xéneros e argumentos, personaxes e situacións dramáticas. Análise e documentación para a adaptación de textos non dramáticos de cara á súa escenificación.
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego.

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	
ED1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
ED2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.
ED3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.
ED5	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.
ED6	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Definir e aclarar que é dramaturxia e cales son os seus ámbitos específicos. As funcións do/a dramaturxista / dramaturgo/a.	T2. T17. X7. X8. ED5. ED6.
2. Deslindar e definir a terminoloxía fundamental dramatólóxica.	T13.



	X3. X8. ED5. ED6.
3. Coñecer os elementos principais que configuran a linguaxe escénica que determina as elaboracións e procesos dramáticos. Analizar as relacións entre dramaturxia, espectáculo e recepción.	T1. T4. X3. X7. ED1. ED5. ED6.
4. Coñecer os piares sobre os que se asenta o modelo dramático de base aristotélica.	T4. X3. X8. ED1. ED2. ED5. ED6.
5. Coñecer os parámetros fundamentais que configuran o paradigma posdramático e as novas dramaturxias.	T4. X3. X8. ED1. ED2. ED5. ED6.
6. Iniciarase no adestramento e o dominio dos modos básicos de composición dramática do personaxe, desde a perspectiva textual e escénica.	T2. T3. T6. T7. T8. T13. X3. X5. X8. ED1. ED2. ED3. ED5.
7. Iniciarase na análise e composición dunha trama de acción e das configuracións espazo-temporais.	T1. T2. T3. T6. T7. T8. X3. X5. X8. ED1. ED2. ED3. ED5.
8. Iniciarase na análise dos mecanismos e elementos rítmicos na composición dramática	T2. T6. T7. T8. T13. X3. X5. X8. ED1. ED2. ED3. ED5. ED6.
9. Sistematizar un proceso de adaptación dramática a partir de materiais non dramáticos nin teatrais.	T1. T3. T6. T7. T8. T13. T17. X3. X5. X7. X8. ED1. ED2. ED3. ED5. ED6.
10. Iniciarase na análise dos parámetros básicos de composición das teatralidades posdramáticas.	T1. T2. T3. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.

4. CONTIDOS

TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1.A dramaturxia. Definición, orixes e funcións.	1.1. Definición de dramaturxia, conceptos e disciplina. 1.2. Orixes e funcións da dramaturxia. 1.3. Exemplos históricos e contemporáneos.	½ h. ½ h. ½ h.
2. Dramaturga/o e dramaturxista.	2.1. Definición. 2.2. Funcións. 2.3. Exemplos históricos e contemporáneos.	½ h. ½ h. ½ h.
3. Dramaticidade, teatralidade e literariedade.	3.1. Concepto, definición e orixes. 3.2. Procedementos. 3.3. Exemplos dentro e fóra da dramaturxia.	½ h. ½ h. ½ h.
4. Aproximación a modelos e paradigmas de composición.	4.1. O modelo da forma dramática de base aristotélico-hegeliana. O concepto de <i>pièce bien faite</i> ou <i>pièce machine</i> . 4.2. Introducción ao concepto e ás modalidades <i>posdramáticas</i> . O concepto de peza paisaxe. O <i>drama rapsódico</i> . As dramaturxias <i>performativas</i> , de teatro-danza, teatro visual e de obxectos, etc. 4.3. Dramaturxia e convencións teatrais. As convencións xerais: a ficción. As convencións particulares: a época, o xénero e o estilo. As convencións singulares: innovación. 4.4. Análise dramática das convencións teatrais. Produción e recepción.	½ h. ½ h. ½ h. ½ h.
5. A composición do personaxe.	5.1. Definición. 5.2. Funcións. 5.3. Nivel de complexidade na composición. <i>Actante. Actor. Rol. Identidade ficcional</i> . Tipoloxías, xéneros e estilos. 5.4. A identidade e a crise do personaxe.	½ h. ½ h. 4 h. ½ h.
6. A acción.	6.1. Definición. 6.2. Tipoloxías e concepcións. 6.3. Unidade e secuenciación. 6.4. Introducción á escrita dramática. A acción verbal e os modos de intercambio entre personaxes e a súa incidencia na acción global.	½ h. ½ h. ½ h. ½ h.
7. A <i>Historia</i> ou <i>fábula</i> e a <i>trama</i> .	7.1. Definición. 7.2. Procedementos de realización dunha <i>trama de acción</i> . 7.3. Tipoloxías e modelos. 7.4. Exemplos.	½ h. ½ h. ½ h. ½ h.
8. Análise e composición das configuracións espazo-temporais.	8.1. Definición. 8.2. Tipoloxías e niveis de significación. 8.3. Funcións.	½ h. ½ h. ½ h.
9. O ritmo na dramaturxia.	9.1. Definición. 9.2. Función. 9.3. Mecanismos básicos. Análise e composición.	½ h. ½ h. ½ h.

E

10. Proxecto de adaptación dramática dun texto non dramático segundo o modelo da <i>pièce bien faite</i> de base aristotélica.	10.1. Lectura, documentación e análise do texto non dramático.	½ h.
	10.2. Análise da trama de sucesos do texto non dramático (acción, espazo, tempo, ritmo).	1 h. ½
	10.3. Análise de personaxes do texto non dramático.	½ h.
	10.4. Proxecto da trama de sucesos da adaptación dramática (acción, espazo, tempo, ritmo).	1 h.
	10.5. Proxecto ou deseño dos personaxes da adaptación dramática.	1 h.
11. Análise dos parámetros de composición e creación de mecanismos de coherencia nas dramaturxias performativas posdramáticas.	11.1. Análise de distintas pezas que forman parte do repertorio das teatralidades posdramáticas a nivel internacional.	2 h.
	11.2. Análise dos parámetros e condicións de composición nas dramaturxias posdramáticas.	2 h.
	11.3. Análise dos mecanismos de coherencia na composición de partituras de accións para espectáculos, a partir dos mecanismos rítmicos.	3 h.
TOTAL SESIÓNS		30 de 2 h.

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias			
Exposición maxistral	6	10	16
Exposición práctico-teórica	11	20	31
Práctica individual	20	50	70
Práctica colectiva	10	10	20
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias			
Outros			
Tutorías individuais	5		5
Tutorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	4		4
Actividades de avaliación. Revisión			

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Descrición	Descrición
Exposición introdutoria sobre a disciplina da dramaturxia.	(Temas 1 e 2) Definición dos termos básicos da disciplina. Explicación da etimoloxía, as orixes, as funcións e atribucións profesionais. Exposición dun percorrido histórico polos fitos da dramaturxia e o dramaturxismo, tanto no relativo ao exercicio profesional e artístico como a súa evolución teórica. Exposición das diferenzas e semellanzas entre as funcións do/a dramaturgo/a e do/a dramaturxista.
Exposición dos elementos e procedementos compositivos, así como as súas poéticas e finalidades artísticas, do modelo dramático da <i>pièce bien faite</i> de base aristotélica, fronte ao paradigma posdramático. Exercicios de análise e comparación.	(Temas 3 e 4) Estudo introdutorio das condicións básicas que caracterizan patróns e modelos compositivos sedimentados ao longo da historia das artes escénicas. A <i>Poética</i> de Aristóteles como manual ou receita de composición dramática. A lectura neoclásica do drama canónico, a <i>pièce bien faite</i> , <i>pièce machine</i> , fronte ás poéticas dramaturxicas desde as vangardas ata hoxe. A <i>pièce paysage</i> , as dramaturxias performativas, de teatro visual e de obxectos, de teatro-danza e teatro non textual, etc.
Exposición sobre a natureza da arte teatral e escénica, a composición dramática e a recepción. A análise dramaturxica do proceso de produción e recepción das convencións teatrais e os códigos espectaculares.	(Tema 4) Análise da natureza dos pactos convencionais e dos códigos espectaculares que conforman a linguaxe escénica e que determinan as composicións dramáticas. Estudo dos diferentes efectos que unha dramaturxia pode producir ou provocar na recepción.
Exposición teórico-práctica da análise e composición de personaxes, segundo o xénero e o estilo. Exercicios de análise e composición.	(Tema 5) Estudo dos diferentes niveis de caracterización do personaxe segundo o xénero e estilo. Análise práctica de exemplos extraídos da dramaturxia universal de diferentes épocas, xéneros e estilos.
Exposición e análise práctica da acción. A estrutura profunda da acción e o modelo actancial.	(Tema 6) Analizar as grandes liñas de acción e a súa estrutura profunda e actancial en dramaturxias coñecidas do repertorio universal.
Exposición e análise dos conceptos de <i>historia</i> ou <i>fábula</i> e <i>trama</i> . Procedementos de realización dunha <i>trama</i> dramática. Exercicios	(Tema 7) Estudar os conceptos e procedementos arredor da <i>trama dramática</i> para poder aplicalos na análise e composición.

E

de análise e composición.	
Exposición e análise dos conceptos e procedementos de configuración espazo-temporal. Exercicios de análise e composición.	(Tema 8) Estudar os conceptos e procedementos arredor das configuracións espazo-temporais para poder aplicalos na análise e composición.
Exposición e análise dos conceptos, procedementos e mecanismos rítmicos básicos que determinan o sentido nunha <i>trama de acción</i> e na composición dramática. Exercicios de análise rítmica e aplicabilidade á composición dramática.	(Tema 9) Estudar os conceptos, procedementos e mecanismos rítmicos básicos nunha <i>trama dramática</i> para poder aplicalos na análise e composición. Exercicios de análise rítmica e aplicabilidade á composición dramática.
Análise dos personaxes, <i>trama de acción</i> , configuracións espazo-temporais e mecanismos rítmicos nun relato.	(Tema 10) Práctica colectiva. Exercicio de análise dos personaxes, <i>trama de acción</i> , configuracións espazo-temporais e mecanismos rítmicos nun relato a adaptar.
Proxecto de adaptación dramática dun relato ou texto non dramático. Aplicar as condicións da forma dramática realista de base aristotélico-hegeliana.	(Tema 10) Exercicio de composición dunha nova <i>trama de acción</i> e das configuracións espazo-temporais e mecanismos rítmicos para realizar unha adaptación dramática realista do relato, a partir dos elementos analizados nos exercicios anteriores. Aplicar as condicións da forma dramática realista de base aristotélico-hegeliana.
Exercicio de elaboración dunha guía de traballo para a composición dramaturxica dentro do amplo espectro das teatralidades posdramáticas.	(Tema 11) Elaborar cadaquén a súa propia guía de traballo cos parámetros de composición nas dramaturxias posdramáticas. Elaborar un documento no que se contemple unha posible metodoloxía de traballo e unhas reflexións arredor dos mecanismos de coherencia na composición dunha dramaturxia posdramática. Hipótese e formulación dun proxecto destas características de cara á súa realización posterior.

7. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

7.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Seguimento diario	T1. T4. T6. T7. X7. ED3.	5%
Exercicios parciais de análise	T2. T3. T6. X8. ED6.	20%
Exercicios parciais de composición	T3. T6. T8. ED1. ED2.	25%
Exercicios globais de análise e composición.	T2. T3. T6. T8. T13. T17. X3. X5. X7. X8. ED1. ED2. ED3. ED5. ED6.	50%

7.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Exame. Exercicios globais de análise e composición que implican os mesmos procedementos que os exercicios realizados durante o curso.	T1. T2. T4. T8. T13. T17. X3. X5. X7. X8. ED1. ED2. ED3. ED5. ED6.	100%

7.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Exame. Exercicios globais de análise e composición que implican os mesmos procedementos que os exercicios realizados durante o curso.	T1. T2. T4. T8. T13. T17. X3. X5. X7. X8. ED1. ED2. ED3. ED5. ED6.	100%

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

Aristóteles: (2007): *Poética*, A Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor da Universidade da Coruña.

Becerra de Becerreá, Afonso (2007): *Dramaturxia. Teoría e practica*, Vigo, Galaxia.

Becerra Arrojo, Afonso; Battle, Carles, dir. *O Ritmo na dramaturxia : teoría e práctica*. [Barcelona]: Universitat Autònoma de Barcelona, 2016. 1 recurs electrònic (473 p.). ISBN 9788449061974. Tesi doctoral - Universitat Autònoma de Barcelona. Departament de Filologia Catalana, 2016: <https://ddd.uab.cat/record/165718>

Becerra de Becerreá, Afonso (2018): *Confío-te o meu corpo. A dramaturgia pós-dramática*, Santiago de Compostela, Através Editora.

Referencias complementarias

Becerra de Becerreá, Afonso (2005): *O ritmo na dramaturxia*, A Coruña, Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Mayor da Universidade da Coruña.

Lehmann, Hans-Thies (2013): *El teatro posdramático*, Murcia, CENDEAC.

Melendres, Jaume (2000): *La dirección de los actores. Diccionario mínimo*, Madrid, ADE.

Pavis, Patrice (1998): *Diccionario del teatro. Dramaturgia, estética, semiología*, Barcelona, Paidós.

Sarrazac, Jean-Pierre (1999) : *L'Avenir du drame*, Paris, Circé.

Szondi, Peter (2011): *Teoría del drama moderno (1880-1950). Tentativa sobre lo trágico*, Madrid, Dykinson.

9. OBSERVACIÓNS

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a evolución da pandemia pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:

ACTIVIDADE 1: Seguimento telemático

Competencias: T1. T4. T6. T7. X7. ED3.

Ponderación: 5%

ACTIVIDADE 2: Práctica dos xéneros. Producción épica, lírica e dramática.

Competencias: T3. T6. T8. ED1. ED2.

Ponderación: 20%

ACTIVIDADE 3: Ensaio sobre a "receita aristotélica".

Competencias: T2. T3. T6. X8. ED6.

Ponderación: 25%

ACTIVIDADE 4: Análise de personaxes.

Competencias: T2. T3. T6. X8. ED6.

Ponderación: 25%

ACTIVIDADE 5: Segmentación e análise de sucesos.

Competencias: T2. T3. T6. X8. ED6.

Ponderación: 25%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).